



Tradición

A tradición das herbas do San Xoán e os seus rituais son aínda anteriores á época dos romanos. Confírmase que esta **tradición pagá** se intentou cristianizar. Co paso do tempo, esta tradición foi finalmente **cristianizada** utilizando a figura de **San Xoán**. É unha tradición que aprendemos e adquirimos dos nonos devanceiros e que continúa ata hoxe.

Noite de San Xoan

Celébrase a **noite** do 23 ao 24 de xuño e durante o día de 24 coincidindo co **solsticio de verán**.

A noite do San Xoán é en Galicia a noite dos **milagres** e dos **encantos**.

As **fogueiras** tamén epresentan outro dos ritos característicos. Chámanse lumes, lumeiradas, cachelas, cacharelas... Acéndense nas primeiras horas da noite, despois da cea. A xente xúntase arredor delas e pasan a noite cantando e bailando. É tradición saltar a fogueira; ten que ser varias veces, sempre un número impar e saltando dunha vez para un lado e outra vez para outro. É habitual nesta noite , acompañando ás fogueiras, e nas zonas costeiras preparar sardiñadas, sardiñas feitas nunha grella que se comen con pan de bola.

De entre todas as prácticas a máis usada é a do **ovo** : as doce en punto da noite cáscase un ovo e déitase nun vaso de auga que se deixa ao sereno ata o amencer. Pola mañá vaise ver o ovo e a forma que tomou, ás veces un barco, outras unha capela... e polo que alí se ve adivíñase a sorte que se ha ter no ano.

Herbas do San Xoán

É un costume habitual en toda **Galicia** recoller na **tarde** diferentes herbas e flores , botalas en auga e deixalas ao sereno para que collan o orballo co obxectivo de lavárense todos naquela auga pola mañá. Estas herbas denomínanse herbas do San Xoán.

Son as seguintes:

HERBA SAN XOÁN

Herba de San Xoán (abelouro, malfurada, abeluria...), é outra das sete herbas básicas.

"A herba de San Xoán limpa a cara de grans".

Está considerada como unha planta especial contra o demo...

En medicina é cicatrizante e antiséptica.



FIÚNCHO

Trátase dunha herba básica entre as sete fundamentais para a noite de San Xoán.

Esta é a que corre os malos espíritus. Especial contra o mal de ollo.

Como medicina é especial contra as inflamacións de ollos, pero tamén para a asma e as malas dixestións...



HERBA LUÍSA

A herba luísa sempre se utilizou para todo.

Moi boa para as dores de estómago e barriga. Tamén contra os gases e as dores de cabeza. Cheira moi ben... É tamén unha herba especial para os amoríos.

En castelán recibe o nome de verbena xa que tamén se asocia coas troulas de noite.



CODESO

O codeso, en realidade é unha xesta, ou sexa da familia dos Cytisus, utilízase para varrer a casa dos malos espíritos. Normalmente cóllese unha xesta e faise unha basoira.

O normal é usar unha planta como a Cytisus que son as xestas típicas, concretamente a Cytisus purgans, que nalgúns lugares chaman piorno ou codeso.



FENTO MACHO

O fento macho é outra das sete herbas básicas da noite de San Xoán.

O fento macho é velenoso. Era moi apreciado contra as tenias.

En xeral, é un antiparásito moi bo. Séguese usando polas súas propiedades pero a súa administración é complicada, xa que, repito, é velenoso.

Din que a noite de San Xoán bota flor; xustamente a medianoite.



MALVA

A malva é outra das sete herbas fundamentais. Serve para todo: arrefriados, bronquites, afeccións dixestivas, nervios, etc.

Di o dito galego: "cun horto e un malvar hai menciñas para un fogar". Efectivamente a malva cura todo.



ROMEU

É moi bo para a reuma, artrite, trastornos do sistema circulatorio, depresión, etc.

O romeu realmente é a herba que protexe e purifica os fogares galegos por excelencia.

En Galicia tamén se utiliza para as dores da gorxa.



Outras **plantas máxicas** adornan esta noite as paredes das casas e as fiestras.

Croque (*Digitalis purpurea*), estralote, estalote... Toda a planta é moi tóxica. Ten propiedades cardiotónicas, pero o manexo é perigoso. Onde medran os croques pénsase que é o lugar onde bailan meigas as noites de lúa chea. Tamén pendúranse nas portas das casas para espantalas.



Torvisco (*Daphne gnidium*), trovisco, churvisco... Ten propiedades antiinflamatorias e purgantes moi enérxicas. É unha planta moi perigosa.

Ritual

O **ritual** das Herbas do San Xoán comeza o día **23** pola tarde, recóllense as plantas principais xa que a **tradición** di que, coa escuridade, as forza do mal son liberadas e as plantas cortadas despois do solpor non serían puras.

Coas herbas recollidas na noite de San Xoán facíanse os '**cachos**' que son as herbas recollidas, atadas nun feixe. A **tradición oral** insiste en que o cacho serve para quitarnos o demo do corpo, afasta as bruxas e cura a envexa.

Estas herbas deixáranse nun caldeiro con auga. A **tradición** di que e mellor coller auga de sete fontes (aínda que na actualidade non se sole facer).

A mistura deixarase toda a noite, ao sereno (para a bendición do San Xoán). E á mañá seguinte, lavábanse coa auga purificadora mirando cara o sol e gardábanse as herbas que secaban ao sol, para logo usar como menciñas.

VIDEO: RITUAL DAS HERBAS DE SAN XOAN

